



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Ética na Cadea de Valor	Código	730554018	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	EmpresaEnxeñaría Naval e Industrial			
Coordinación	Mato Santiso, Vanessa	Correo electrónico	vanessa.mato@udc.es	
Profesorado	Bouza Fernandez, Maria Sonia Mato Santiso, Vanessa	Correo electrónico	sonia.bouzaf@udc.es vanessa.mato@udc.es	
Web	www.udc.es/es/epel/masteres/			
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é ensinar ao alumnado os fundamentos básicos da ética nas organizacións e especialmente en todas as etapas da cadea de valor dunha empresa de moda. En concreto, abordarase o concepto e análise da cadea de valor, a análise e o papel dos grupos de interese, as tres dimensións da sostibilidade na cadea de valor (gobernanza, desenvolvemento social e medio ambiente), a creación de valor compartido, o modelo do ben común, e tamén cómo elaborar un informe de sostibilidade, integrando información financeira e non financeira.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
COMP-02 - Comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas no ámbito da tecnoloxía téxtil e da moda sostible.	AI2		
COMP-03 - Fomentar a creatividade, a innovación e a transferencia de tecnoloxía no sector téxtil.	AI3		
COMP-05 - Integrar coñecementos e emitir xuízos, incluíndo reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas.	AI5		
CON-09 - Interpretar a lexislación e a normativa no ámbito téxtil.	AI15		
CON-10 - Recoñecer as necesidades asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos técnicos.	AI16		
HAB-04 - Empregar criterios ambientais e de sostibilidade no uso das materias primas.	AI20		
HAB-05 - Garantir o cumprimento dos estándares de calidade e da lexislación aplicable na produción de innovacións téxtiles.	AI21		

Contidos	
Temas	Subtemas
PARTE I: INTRODUCCIÓN Á ÉTICA NA CADEA DE VALOR	1. Introducción: Ética nas organizacións. 2. Cadea de valor: concepto e análise. 3. Misión, visión e valores da organización. Identificación e análise de grupos de interese.
PARTE II: RSC E SOSTIBILIDADE NA CADEA DE VALOR	4. Responsabilidade Social Corporativa (RSC) e Sostibilidade. 5. Sostibilidade na cadea de valor: - Goberno corporativo, transparencia e rendición de contas. - Desenvolvemento social, dereitos humanos e xestión da diversidade. - Ética na xestión ambiental.
PARTE III: REPORTING DE SOSTIBILIDADE NA CADEA DE VALOR	6. Creación de valor compartido e Modelo do ben común. 7. Memoria de sostibilidade: análise de dobre materialidade, normas de reporting, información financeira e non financeira.



## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A2 A3 A5 A15 A16 A20 A21	12	20	32
Seminario	A5 A15 A16	2	2	4
Solución de problemas	A2 A3 A5 A15 A16 A20 A21	3.5	15	18.5
Lecturas	A5 A15 A16 A21	1	10	11
Proba obxectiva	A2 A5 A15	3	21	24
Sesión maxistral	A2 A3 A5 A15 A16	10	10	20
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Solución de problemas	<p>A atención personalizada descrita desenvolverase fundamentalmente arredor dos traballos tutelados e das actividades propostas de solución de problemas, e concíbese como momentos de traballo persoal co profesorado da materia para a atención e seguimento do traballo realizado por cada un dos grupos de traballo. Ademais, durante o curso o alumnado poderá aproveitar as horas de tutoría para aclarar dúbidas e cuestións sobre a materia.</p> <p><b>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:</b></p> <p>A materia poderá adaptarse ao alumnado que requira a adopción de medidas destinadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionadas coa saúde mental). Se é o caso, deberán dirixirse aos servizos dispoñibles na UDC/no centro: nos prazos oficiais estipulados con anterioridade a cada cuadrimestre, coa Unidade de Atención á Diversidade (ADI) (contacto telefónico na extensión 5620 e a través do correo electrónico <a href="mailto:adi@udc.gal">adi@udc.gal</a>).</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A2 A5 A15	<p>Realizarase unha proba (escrita ou virtual) para avaliar as aprendizaxes adquiridas ao final de cada un dos bloques da materia (3 bloques). Esta proba pode combinar diferentes tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, preguntas de resposta curta, preguntas de desenvolvemento, etc.</p> <p>É estritamente necesario obter unha nota mínima de 4 puntos en todas as probas realizadas para superar a materia.</p>	40
Traballos tutelados	A2 A3 A5 A15 A16 A20 A21	<p>Avaliarase a realización dos traballos e actividades realizadas en sesións plenarias ou en pequenos grupos.</p> <p>Os traballos que se deban entregar no horario lectivo da materia non poderán ser entregados posteriormente. Entregar/enviar traballos fóra de prazo é un cero na cualificación da actividade.</p>	40
Seminario	A5 A15 A16	<p>Avaliarase a asistencia (obrigatoria) ao seminario e a realización de calquera traballo ou actividade proposta polo profesorado da materia. Este seminario será impartido por un profesional e experto en ética e sustentabilidade na cadea de valor.</p> <p>No caso de que finalmente non se poida celebrar o seminario (por non dispoñibilidade do experto ou por outras razóns), o 10% da nota do seminario incluírase nas actividades de "Solución de problemas", que representaría o 20% da nota final (en lugar do 10%).</p>	5
Solución de problemas	A2 A3 A5 A15 A16 A20 A21	<p>Avaliarase a realización de casos prácticos e a participación noutras actividades realizadas individualmente.</p> <p>Os traballos que se deban entregar no horario lectivo da materia non poderán ser entregados posteriormente. Entregar/enviar traballos fóra de prazo é un cero na cualificación da actividade.</p>	15

#### Observacións avaliación



1. Segunda oportunidade: Os criterios de avaliación aplicaranse tanto á primeira como á segunda oportunidade. Todas as cualificacións obtidas nos traballos de avaliación continua conservaranse ata a segunda oportunidade. 2. Convocatoria adiantada: A cualificación final da materia da convocatoria adiantada (100%) dependerá exclusivamente da cualificación obtida no exame final ou proba obxectiva (parte teórica e práctica). O alumnado que concurra a esta convocatoria deberá comunicalo ao profesorado da materia coa antelación suficiente. 3. Cualificación de 'Non presentado': En todas as convocatorias (primeira e segunda oportunidade, e convocatoria avanzada), o alumnado que non acuda ao exame final/proba obxectiva ou que non supere o proceso de avaliación continua será cualificado como 'Non presentado'. 4. Alumnado con recoñecemento de dedicación parcial e exención académica de exención de asistencia: Ao comezo do curso, o estudante con exención académica recoñecida deberá confirmar ao profesorado da materia a modalidade que decide cursar: 1) Acollerse á avaliación continua (realización de traballos tutelados, seminario e solución de problemas), ademais da proba obxectiva; ou 2) O 100% da nota dependerá exclusivamente da cualificación obtida no exame final ou proba obxectiva (parte teórica e práctica). 5. Outras observacións da avaliación: - NOTA MÍNIMA: O alumnado deberá obter unha nota mínima de 4 puntos en todas as probas obxectivas realizadas durante o curso ou no exame final para poder superar a materia. - Todos os aspectos normativos relacionados coa "exención académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC. - As cualificacións obtidas só terán validez durante o presente curso académico 2024/25. - Prohibese o acceso ás aulas de exame con calquera dispositivo de transmisión e/ou almacenamento de datos.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	Puertas Paz, I. & Bilbao Alberdi, G. (2023). Ética e impacto de la empresa: la perspectiva ética en las evaluaciones de impacto empresarial. Madrid: Pirámide. ISBN:978-84-368-4864-9. McGraw Hill España (n.d.). La Ética en la Empresa. Disponible en: <a href="https://www.mheducation.es/bcv/guide/capitulo/8448175646.pdf">https://www.mheducation.es/bcv/guide/capitulo/8448175646.pdf</a> Antonio Trinidad Requena, Rosa María Soriano Miras & Juan Francisco Bejarano Bella (2021). La cadena global de valor de las prendas de vestir: La conciencia del consumidor respecto a los lugares de producción. Editorial Tecnos. Guerras-Martín, L.A., Navas-López, J.E. (2015). La dirección estratégica de la empresa. Teoría y aplicaciones. Madrid: Thomson Reuters-Civitas. 5th edition. [Capítulos sobre Misión, Visión, valores; Análisis de la cadena de valor de Porter; y Análisis de grupos de interés]. Saavedra Robleso, I. (2010). Introducción a la sostenibilidad y la RSC. Editorial Netbiblo. ISBN : 978-84-9745-509-1. Directiva (UE) 2022/2464 del Parlamento Europeo y del Consejo del 14 de diciembre de 2022.
<b>Bibliografía complementaria</b>	Antonio Trinidad Requena, Rosa María Soriano Miras & Juan Francisco Bejarano Bella (2021). La cadena global de valor de las prendas de vestir: La conciencia del consumidor respecto a los lugares de producción. Editorial Tecnos. ORACLE & DIRSE (2023). Toolkit: Sostenibilidad y cadena de valor. Cómo gestionar la huella ambiental en la cadena de valor a través de la tecnología. Disponible en: <a href="https://www.dirse.es/wp-content/uploads/2023/05/230523-Toolkit-Sostenibilidad-y-Cadena-de-valor-Oracle-y-DIRSE-1.pdf">https://www.dirse.es/wp-content/uploads/2023/05/230523-Toolkit-Sostenibilidad-y-Cadena-de-valor-Oracle-y-DIRSE-1.pdf</a> Fernández izquierdo, M.A. (2010). El gobierno corporativo como motor de la responsabilidad social corporativa. Universitat Jaume I. Servei de Comunicació i Publicacions.

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xestión e Control de Calidade/730554004

Economía Circular/730554007

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Tratamento e Acabados Têxtils/730554009

Dereito Ambiental para Xestores de Empresas Têxtils/730554008

#### Materias que continúan o temario

Prácticas en Empresa/730554020

Traballo Fin de Máster/730554021

### Observacións



1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia solicitaranse en formato virtual e/ou soporte informático.2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?).5.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías